

**AYUNTAMIENTOS****PONTEVEDRA**

EXPEDIENTE: ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS E LOUREIROS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

TRÁMITE: ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA.

Aprobada inicialmente por acordo do Pleno deste Concello, na súa sesión do 26.02.2013, a ordenanza reguladora da actividade de furanchos e loureiros no Concello de Pontevedra, e non téndose presentado alegacións no prazo conferido ao efecto, enténdese elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora inicial, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Polo tanto, e segundo o art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei:

**“ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS E LOUREIROS
NO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

Exposición de Motivos

A regulación da produción e da comercialización e venda do viño propio ocupou tradicionalmente un senlleiro espazo nas ordenanzas e acordos municipais ao longo da historia do noso Concello. Xa no Libro do Concello de Pontevedra (1431-1463), recóllese que un dos produtos que daquela máis beneficios económicos achegaban á cidade era o viño. A Boa Vila, estaba daquela circundada por unha paisaxe de hortas e viñas que producían un viño chamado “ullao”, que era obrigado consumilo fresco ou do ano, por mor da súa baixa gradación e conservación non moi boa.

Esas ordenanzas históricas mesmo impuxeron medidas proteccionistas para o noso viño que era eximido de gabelas e mesmo chegouse a prohibir a venda de viño foráneo durante certo tempo e mentres non se rematase a comercialización da colleita propia da vendima anterior, para asegurar, deste xeito, a súa venda a bo prezo e evitar que se deixaran de labrar as viñas. Está documentada dende o 1492 a imposición de estanco para o viño foráneo, caso de haber colleita dabondo, e tamén sabemos que por sentenza posterior do 1496 permitiúselles aos mareantes traer ás súas casas viño foráneo para consumo propio, non para a venda, ata o remate da colleita do vendimado nun perímetro de ata unha legua dende o recinto amurallado. Lembramos que daquela Pontevedra era o cerne da comercialización a través do porto dos caldos que procedían fundamentalmente da Ribeira do Avia.

Xa chegados aos nosos días, e no que atinxe concretamente á venda dos excedentes do viño de colleita propia, o pasado 13 de novembro de 2012, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicaba no Diario Oficial de Galicia o Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia. Coa súa publicación quedou, por tanto, derogado o Decreto 116/2008, do 8 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos de restauración denominados furanchos en Galicia, anterior marco normativo que regulaba a actividade de furanchos e loureiros tradicionais do rural galego, e que fora aprobado ao abeiro da anterior Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia.

Este novo marco normativo abre, polo tanto, a posibilidade de regular unha actividade, a de furanchos e loureiros, que representa unha forma tradicional de establecementos de venda de excedentes da colleita de viño elaborado para consumo propio en Galicia, e que o Decreto 116/2008, de 8 de maio, consideraba como auténticas empresas de restauración, o que desvirtuaba o seu carácter e esencia como parte da cultura galega.

Así, a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, recollía xa nunha das súas disposicións transitorias, que a actividade dos furanchos, tería unha regulación propia, que finalmente se recolleu no Decreto 215/2012, de 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, dotando a estes dun réxime singular con características propias.



A regulación desta actividade, polo tanto, comporta a necesidade para o Concello de Pontevedra, de elaborar unha ordenanza reguladora que recolla e explicita as competencias municipais que o Decreto 215/2012 outorga aos concellos, no seu artigo 3, alínea 2, e xa que logo, procedeuse a elaborar a presente Ordenanza Reguladora da Actividade de Furanchos e Loureiros no Concello de Pontevedra, que se adapta aos principios de sostibilidade, boa regulación, e fomento da participación dos interesados, establecidos na Lei 2/2011, do 4 de Marzo, de economía sostible.

E S T R U T U R A

A presente ordenanza Municipal estrutúrase en cinco capítulos, e consta de vinteseis artigos, tres Disposicións Adicionais, tres Disposicións Transitorias e unha Disposición Derradeira, ademais de catro anexos.

No Capítulo I, baixo o epígrafe "Disposicións Xerais" delimitase o obxecto e o fin da presente ordenanza, o seu ámbito de aplicación e aquelas definicións de conceptos de aplicación xeral.

En canto ao Capítulo II, denominado "Requisitos, procedemento e réxime xurídico", determínase os requisitos, a xestión e a actividade administrativa de comprobación, a tempada de actividade furancheira, o período, sinalización, condicións e horario de apertura do furancho, as tapas permitidas, as causas de peche anticipado e a documentación da que consta o rexistro municipal de furanchos e loureiros de Pontevedra.

No Capítulo III, denominado "Dereitos, obrigas e cambios na actividade e na titularidade" establécense as obrigas do/s titular/es dos furanchos, a obrigatoriedade de constar cunha póliza de responsabilidade civil, os dereitos e obrigas dos usuarios e usuarias dos furanchos, cómo realizar os trocos de titularidade e as notificacións e comunicacións ó concello.

O Capítulo IV, titulado "Renovacións anuais do distintivo "Furanchos de Pontevedra" adícase a presentar o distintivo "Furanchos de Pontevedra", cómo acadalo, e a explicar o procedemento simplificado de renovación do mesmo.

Por último, no Capítulo V, baixo o epígrafe "Da inspección e do réxime sancionador", regula as actividades de comprobación, control e inspección que se levaran a cabo polos servizos municipais, o réxime de infraccións e sancións, o intrusismo profesional, a determinación dos suxeitos responsables, a concorrencia de sancións e o principio "non bis in idem", a clasificación das infraccións e sancións e o período de vixencia e prescripción da mesma.

A ordenanza remata coa presentación das Disposicións Transitoria, Adicionais e Finais, e os 4 anexos que acompañan.

CAPÍTULO PRIMEIRO: DISPOSICIÓN XERAI

ARTIGO 1: OBXECTO DA PRESENTE ORDENANZA.

A presente ordenanza municipal ten por obxecto regular, dentro do termo municipal de Pontevedra, a actividade de furanchos, loureiros ou abillados, en desenvolvemento do disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia así como na restante normativa que lle fose de aplicación, no correcto exercicio das competencias municipais que neste ámbito lle outorga o ordenamento xurídico vixente.

Serán de aplicación supletoria, no que non se opoña ás peculiaridades e concreta regulación pautada na presente ordenanza, os preceptos de aplicación contidos na Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra, reguladora da tramitación das declaracións responsables para prestación de servizos, instalacións e apertura de establecementos comerciais, cambios de titularidade e licenzas para obras e instalacións menores por actuación comunicada (BOP N° 219, do 14 de novembro de 2012).

*ARTIGO 2: DEFINICIÓNS.*

Aos efectos desta ordenanza municipal, considéranse “furanchos” os locais utilizados principalmente como vivenda privada, onde os/as propietarios/as venden o excedente do viño da colleita propia elaborado na casa para o seu consumo particular, xunto coas tapas, que como produtos alimenticios preparados regularmente por eles/as, lle sirvan de acompañamento.

O réxime establecido na presente ordenanza para os “furanchos” será tamén de aplicación aos tradicionais “loureiros”, nos que a única diferenza estribaba en que os produtos alimenticios eran achegados pola propia clientela, polo que todas as referencias aos “furanchos” cómpre entendelas referidas tamén aos “loureiros” e mesmo aos tradicionalmente denominados “abillados”.

En aplicación da presente ordenanza considérase “excedente do consumo propio”, unha cantidade de viño que non exceda da que se obteña de aplicar á superficie da viña propiedade do colleiteiro/a, un rendemento máximo de 0,65 litros por metro cadrado.

ARTIGO 3: ÁMBITO DE APLICACIÓN.

A presente ordenanza municipal regula a actividade das casas ou dependencias vencelladas a elas que teñan a consideración de furancho consonte ao artigo 2 da presente ordenanza e que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Pontevedra.

Só se autorizará o desenvolvemento da actividade de furancho de conformidade co establecido nesta ordenanza e, única e exclusivamente, dentro das zonas rurais situadas nos ámbitos de solo clasificados como rústico ou solo de núcleo rural deste termo municipal.

ARTIGO 4: COMPETENCIAS MUNICIPAIS.

Por medio da presente ordenanza e ademais da delimitación das zonas nas que se autoriza a actividade de furancho, pautadas no artigo anterior, desenvólvense as seguintes competencias municipais:

A adaptación do réxime xeral regulador dos furanchos ás peculiaridades propias das zonas rurais do termo municipal de Pontevedra.

A regulación da tramitación e xestión administrativa dos expedientes municipais derivados do inicio das actividades, períodos de apertura ou peche anticipado de establecementos, así como a transmisión, cambios de funcionamento ou cesamento da actividade destes establecementos.

A creación e o mantemento do Rexistro Municipal de Furanchos e Loureiros de Pontevedra.

A concreción do réxime de infraccións e sancións aplicables, no ámbito territorial de Pontevedra, nos supostos de incumprimento do establecido na presente ordenanza e na demais normativa reguladora de aplicación á actividade dos furanchos.

O exercicio da potestade sancionadora no termo municipal de Pontevedra e dentro do seu ámbito competencial en materia urbanística, de protección do medio ambiente ou en materia de seguridade cidadá entre outras.

As funcións de inspección, vixilancia e control permanente do exercicio das actividades desenvolvidas nos furanchos, dentro do termo municipal de Pontevedra, sen prexuízo das competencias que lle atinxen á administración autonómica.

*CAPÍTULO SEGUNDO:
REQUISITOS, PROCEDIMENTO E RÉXIME XURÍDICO*

ARTIGO 5: REQUISITOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE COMO FURANCHO.

Para poder desenvolver a actividade de furancho deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) O viño subministrado non pode ser viño embotellado, senón que debe proceder directamente dos barrís que deberán estar debidamente numerados.

- b) A degustación do viño poderá ser acompañada de ata un máximo de cinco tipos de tapas de entre as recollidas na presente ordenanza, ou as que anualmente acorde o Concello, quedando prohibido ofrecer outra clase de produtos alimenticios.
- b) Antes do inicio da tempada anual de funcionamento e, cando menos unha vez ao ano, os/as furancheiros/as acreditarán a realización das declaracións obrigatorias do sector vitivinícola ante o órgano correspondente da consellería competente en materia de agricultura. Sen este requisito, agás concorrencia das excepcións previstas na normativa vitícola, o furancho non poderá comezar a tempada de funcionamento.
- c) As persoas titulares dos furanchos deberán ter regularizada a totalidade das súas viñas no Rexistro Vitícola de Galicia, de conformidade co Decreto 256/2011, do 7 de decembro, polo que se regula o potencial de produción agrícola, ou normativa posterior que o substitúa ou desenvolva.
- d) Os/as titulares da actividade observarán e cumprirán os requisitos sanitarios establecidos nos capítulos V a XII do anexo II do Regulamento (CE) nº 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, no relativo á hixiene dos produtos alimenticios, sempre que se cumpra que a actividade que leva a cabo o establecemento se axusta ao indicado no capítulo III do referido anexo II. Do mesmo xeito, segundo a actividade desenvolvida, observaranse os requisitos establecidos no Real Decreto 3484/2000 de 29 de decembro, relativo ás normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.
- e) O local onde se realice a actividade de furancho deberá ter unha superficie mínima de 10 metros cadrados e, como máximo, de 200 metros cadrados e unha altura libre de 2,5 metros, para poder desenvolver a actividade.
- f) Todo o viño que se subministre no furancho deberá ter a súa orixe en viñas emprazadas no termo municipal de Pontevedra ou na súa bisbarra, mentres non se aprobe unha Indicación Xeográfica Protexida de viños da terra ou delimitación xeográfica equivalente que defina o límite xeográfico concreto da produción dese tipo de viño.
- g) As persoas titulares dos furanchos deberán, ademais, observar a normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios (DBSI ou normativa de seguridade contra incendios que no futuro a substitúa), as disposicións recollidas na Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ó tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco ou normativa vixente na materia, así como todas aquelas normativas técnicas que lles resulten legalmente aplicables.

*ARTIGO 6. DECLARACIÓNS RESPONSABLES PARA O DESENVOLVEMENTO
DA ACTIVIDADE DE FURANCHO.*

1. Terán a condición de persoas interesadas para o exercicio da actividade os/as viticultores/as ou colleiteiros/as que acrediten a titularidade de viñas propias no Rexistro Vitícola de Galicia, emprazadas neste termo municipal ou na súa comarca.

2. Para iniciar o exercicio da actividade, as persoas interesadas deberan achegar ao Concello, cun mes de antelación á data prevista de inicio, unha declaración responsable previa do cumprimento dos requisitos recollidos no artigo anterior, no decreto regulador da actividade de furancho e demais normativa aplicable, co compromiso do seu mantemento durante todo o tempo que se desenvolva a actividade de furancho e que se materializará, obrigatoriamente, no modelo oficial de declaración responsable que se incorpora no anexo I da presente ordenanza. No modelo normalizado constará, amais da manifestación explícita do cumprimento dos requisitos esixibles consonte á normativa vixente e o mantemento de tódalas medidas correctoras precisas para o correcto exercicio da actividade durante toda a tempada de funcionamento, a situación e denominación do furancho así coma a indicación do período de apertura elixido.



3. A declaración responsable terá os efectos e alcance previstos no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou normativa vixente na materia así coma o pautado na presente ordenanza.

4. O/a solicitante deberá achegar obrigatoriamente, xunto co modelo normalizado de declaración responsable do anexo I desta Ordenanza a seguinte documentación:

1. Fotocopia do NIF do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante.
2. De asinarse a declaración por medio de representante achegará, ademais, a acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.
3. Documentación acreditativa da referencia catastral descritiva da vivenda ou edificación na que se vai desenvolver a actividade.
4. Fotocopia compulsada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.
5. Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas das que se extrae o viño utilizado no furancho no Rexistro Vitícola de Galicia, da consellería competente en materia de agricultura.
6. Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola na consellería competente en materia de agricultura, agás as excepcións previstas de conformidade coa normativa vixente.
7. Fotocopia compulsada do documento que acredite a subscrición dunha póliza de responsabilidade civil, segundo o disposto no artigo 14 desta ordenanza, así como copia compulsada do correspondente recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia no período anual de apertura.
8. Xustificante acreditativo do pagamento das taxas e tributos correspondentes que sexan preceptivos.
9. Documentación técnica ou proxecto técnico, asinada/o por facultativo/a competente, que incluíra xustificación e pronunciamento expreso do cumprimento da normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios (DBSI ou normativa de seguridade contra incendios que no futuro a substitúa incluíndo on cálculo do aforo máximo), da normativa sanitaria relativa á loita contra o tabaquismo, acreditación do cumprimento dos artigos 3.2 e 5.e) desta ordenanza, así como xustificación daqueloutra normativa que lle resulte aplicable.
10. Certificación de seguridade e solidez do local ou recinto e das súas instalacións para o uso pretendido, subscripción por técnico competente e, de ser preceptivo, debidamente visada.
11. Informes técnicos-sanitarios nos que figuren a análise do viño posto á venda así como da auga de consumo humano.
12. Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade dos mesmos así coma a variedade ou variedades de uva das que procede.
13. Carné de manipulador/a de alimentos.
14. Documentación acreditativa da legalidade da edificación para o que achegará alternativa-mente: licenza de primeira ocupación, declaración de caducidade da acción de reposición da legalidade urbanística, declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total para incorporación ao patrimonio, ou no suposto de carecer da documentación anterior, certificación catastral descritiva e gráfica ou documento acreditativo da antigüidade da edificación xunto con declaración responsable de que non se teñen realizado obras nos seis últimos anos e fotografías actuais da edificación.

ARTIGO 7. XESTIÓN E ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA DE COMPROBACIÓN.

1. A declaración responsable para a apertura inicial dun furancho ou a comunicación de renovación, deberán achegarse, obrigatoriamente, nos correspondentes modelos oficiais de declaración responsable ou comunicación que se inclúen nos anexos I ou II desta ordenanza, debidamente cumprimentados e



con toda a documentación requirida no artigo 6 da presente ordenanza, e serán presentados no rexistro do Concello, nas oficinas desconcentradas que se poidan determinar, en calquera dos rexistros ou por calquera medio válido consonte ao artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, incluído o portelo único, por vía electrónica e a distancia, cando sexa posto en funcionamento, no prazo dun mes antes do inicio da actividade.

2. Presentada a declaración responsable e a documentación preceptiva que se reflicte nos anexos, así como a enumerada no artigo 6 desta ordenanza reguladora, o Concello de Pontevedra, a través do Servizo Municipal de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico e da Oficina Técnica de Disciplina Urbanística, comprobará o cumprimento dos requisitos, poderá recabar os informes das administracións competentes que sexan oportunos e resolverá a conformidade ou non do declarado, logo da emisión dos informes técnicos e xurídico, que serán asinados unha vez axuizado o proxecto e a documentación achegada e despois de efectuarse a correspondente visita técnica de inspección do establecemento no que se desenvolve a actividade furancheira.

3. Analizada a declaración responsable ou a comunicación do cambio de titularidade, se o servizo tramitador aprecia deficiencias ou insuficiencia emendable nos datos ou na documentación achegada requirirá, ao abeiro do artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á persoa declarante ou ao novo suxeito titular a súa emenda, no prazo de dez días hábiles, con advertencia expresa que, de non facelo, teráselle por desistido/da da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada no termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A persoa declarante ou o novo suxeito titular poderán instar unha ampliación do prazo se no termo concedido non puideran emendar a deficiencia, ampliación que deberá solicitarse obrigatoriamente a través do modelo normalizado recollido no anexo III da ordenanza de simplificación administrativa deste Concello e sempre antes do vencemento do prazo outorgado. Neste caso, entenderase concedida sen necesidade de ditar resolución administrativa confirmatoria por un prazo de cinco días.

5. A resolución municipal sobre a conformidade ou non do declarado co preceptuado nesta ordenanza e demais normativa de aplicación, será ditada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, no prazo máximo de 6 meses contados dende a entrada da documentación no rexistro do Concello para a súa tramitación, unha vez verificada a comprobación pautada no punto 2 deste artigo. Se a resolución é de conformidade esta permitirá continuar desenvolvendo a actividade se non rematou a correspondente tempada ou interesar as renovacións posteriores polo procedemento simplificado do artigo 18.

6. A comprobación da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, ou o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación, representarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade e obrigará ao Concello a ditar a correspondente resolución de desconformidade, que lembrará a imposibilidade do inicio da actividade e/ou a obriga de cesamento da actividade declarada, dende o momento en que se teña coñecemento de tales feitos, dando por concluído o expediente con remisión ao servizo de disciplina urbanística competente para propor a adopción das medidas procedentes que garantan o cesamento efectivo e inmediato da actividade, -con clausura e precinto, de ser procedente, do local ou da actividade por parte da Policía Local-, a adopción das medidas sancionadoras e/ou de reposición da legalidade urbanística que poidan corresponder e, no seu caso, comunicación á administración autonómica competente. A incoación e instrución dos correspondentes procedementos administrativos sancionadores efectuaranse sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou de outra natureza xurídica que procedan.

7. Se ao Concello xa lle constase o inicio da actividade, por visita dos servizos técnicos ou da policía local, a resolución de desconformidade e ineficacia será proposta polo Servizo de Disciplina Urbanística e nela decretarase o cesamento efectivo da actividade e demais medidas determinadas no punto anterior e no capítulo cuarto da presente.



8. Co obxecto de facilitar o control polas instancias administrativas municipais, todos os establecementos furancheiros deberán ter colocado en lugar visible no interior do establecemento o distintivo oficial “Furanchos de Pontevedra” a partir do intre en que se lles notifique a resolución municipal de conformidade, distintivo que será renovado e auditado anualmente, de acordo co que se establece na presente ordenanza.

9. A persoa declarante ou o/a novo/a titular, nos supostos de troco de titularidade ademais da manifestación responsable da veracidade do declarado, están obrigados a posuír no furancho, a disposición do persoal técnico inspector municipal e da policía local, a documentación que se determina nos artigos 6 e 16 a 18 da presente ordenanza e facilitarán o acceso ao local e ás instalacións ao devandito persoal municipal para as inspeccións, verificacións e comprobacións oportunas.

10. A presentación da declaración responsable, co conseguente efecto habilitante para o inicio da actividade a partir do mes seguinte á súa presentación, agás resolución de desconformidade ou requirimento de emenda de deficiencias, non prexulgará de xeito algún a situación e efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das competencias municipais de comprobación, control, inspección e sancionadoras. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou autorizacións en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico aplicable e os efectos habilitantes para o inicio das actividades deixarán a salvo, sempre, o dereito de propiedade e entenderase que autorizan o desenvolvemento da actividade de furancho sen prexuízo de terceiros.

11. A declaración responsable ou a comunicación do cambio de titularidade reguladas nesta ordenanza, tampouco eximirán da obtención das licenzas e autorizacións que esixa calquera norma sectorial nin do deber de presentación doutras declaracións, comunicacións ou inscricións en rexistros que a devandita normativa impoña para o desenvolvemento da actividade de furancho, nin exonerarán aos/as furancheiros/as das obrigas de carácter tributario, fiscal, administrativo e de orde civil que se establecen no ordenamento xurídico vixente. En todo caso non poderán ser invocadas para diminuíren ou excluiren a responsabilidade civil ou penal en que puideran ter incorrido os titulares no exercicio das actividades habilitadas coa presentación da declaración responsable ou da comunicación. Só producirán efectos entre o Concello e os suxeitos declarantes e non alterarán as situacións xurídicas entre estes e as demais persoas.

ARTIGO 8. TEMPADA DE ACTIVIDADE FURANCHEIRA.

1. O Concello de Pontevedra, establece o comezo da tempada anual de funcionamento dos furanchos o 1 de marzo, e o seu remate o 30 de xuño de cada ano.

2. Fóra desa tempada non se poderán abrir furanchos e non se admitirá ningunha modificación, nin sequera excepcional ou motivada, nos límites establecidos para tempada xeral de furanchos neste termo municipal.

ARTIGO 9. PERÍODO, SINALIZACIÓN, CONDICIÓNS E HORARIO DE APERTURA DO FURANCHO.

1. O período de apertura dos furanchos non poderá ser superior aos tres meses, abrangidos estes dentro do prazo establecido no artigo 8.1 da presente ordenanza.

2. Os solicitantes deberán presentar, convenientemente cumprimentada, a declaración responsable previa ou comunicación de renovación e demais documentación esixida no artigo 6 ou 18 da presente ordenanza, facendo constar obrigatoriamente o período de funcionamento elixido para o seu furancho nas declaracións ou comunicacións que acheguen.

3. Fóra dese prazo a actividade de furancho reputarase como carente de título xurídico habilitante, dispoñéndose a súa clausura e cesamento inmediato e efectivo.

4. O furancho só poderá sinalizarse, dentro da tempada de actividade furancheira e cando o furancho conte con resolución de conformidade co declarado, mediante a colocación nun lugar visible dunha póla de loureiro e, no interior do local co distintivo “Furanchos de Pontevedra.” Queda prohibida calquera



outra sinalización indicativa do lugar, como rótulos, bandeirolas ou propaganda, o que será constitutivo dunha infracción administrativa e, de se considerar como publicidade propia dunha empresa de restauración, sancionado como intrusión profesional por infrinxir a Lei 7/2011, do 27 de outubro de turismo de Galicia, ou a normativa que nese mesmo eido se aprobe, ao igual que a realización de actividades propias das empresas de restauración reguladas no devandito texto legal. Tampouco se admite a utilización de publicidade nas mesas, cadeiras e demais mobiliario empregado para o desenvolvemento da actividade.

5. Quedan prohibidas as instalacións audiovisuais e/ou musicais e non se poderá instalar ningunha outra fonte sonora no interior do furancho. O desenvolvemento da actividade deberá respectar e cumprir a normativa reguladora da materia acústica vixente en cada momento, sen que se poidan superar os límites establecidos naquela nin os niveis ou valores máximos de ruído transmitido ás vivendas próximas ou ao espazo público.

6. Os furanchos poderán abrir as súas portas ao público para exercer a súa actividade no seguinte horario:

- a. De luns a xoves de 17:00 horas ás 00:00 horas
- b. Venres e vésperas de festivos 17:00 horas ás 01:00 horas.
- c. Sábados de 12:00 horas ás 01:00 horas.
- d. Domingos e festivos: de 12:00 horas ás 00:00 horas.

ARTIGO 10. TAPAS PERMITIDAS.

As tapas que se poderán ofrecer para acompañar ao viño nos furanchos en Pontevedra, son as que figuran no anexo IV

O Concello de Pontevedra, a proposta das entidades e organizacións representativas do sector, poderá modificar anualmente, mediante Decreto da Concellería de Goberno responsable da área, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, as tapas admitidas de entre as que se recollen no listado que figura no anexo I do Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que no futuro o substitúa.

En ningún caso se poderá ofrecer nos furanchos calquera outra clase de produtos alimenticios.

En todo caso, a actividade de ofrecer tapas para acompañar ao viño, será de carácter complementario da anterior e non poderá considerarse a principal do establecemento.

ARTIGO 11. CAUSA DE PECHE ANTICIPADO.

O esgotamento ou falta de colleita de viño nun ano será causa xustificada para o peche do establecemento, sen que supoña unha baixa da actividade. Non obstante, os/as titulares estarán obrigados a comunicar tal circunstancia ó concello de Pontevedra, para a correspondente anotación rexistral do peche temporal, no prazo de 10 días contados con anterioridade á data prevista para o peche.

Se un furancho que dispoña resolución municipal de conformidade co declarado, non comunica a renovación para abrir ao público durante tres períodos anuais consecutivos, será dado de baixa do rexistro municipal e deberá achegar unha nova declaración responsable para poder reabrir.

ARTIGO 12. REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS DE PONTEVEDRA.

O Concello creará un Rexistro Municipal de Furanchos e Loureiros de Pontevedra, para a inscrición de oficio de todos os furanchos que cumpran os requisitos esixidos e desenvolvan a súa actividade dentro do termo municipal de Pontevedra e para a recollida de toda a información esixida na presente ordenanza municipal, que será xestionado polo Servizo Municipal de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico en colaboración cos demais servizos municipais.



O Concello de Pontevedra dará traslado do seu contido aos órganos competentes en materia de turismo, facenda, medio rural e sanidade.

Os datos mínimos do rexistro municipal de furanchos de Pontevedra, serán os establecidos no anexo III da presente ordenanza.

*CAPÍTULO III:
DEREITOS, OBRIGAS E CAMBIOS NA ACTIVIDADE E NA TITULARIDADE*

ARTIGO 13. OBRIGAS DAS PERSOAS TITULARES DOS FURANCHOS.

Ademais das restantes obrigas recollidas no articulado desta ordenanza e no artigo 35 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, ou da normativa que nese mesmo eido se aprobe, sempre que non sexan contrarias á singularidade destes locais, as persoas titulares dos furanchos deberán observar, en particular, as seguintes:

Velar polo bo estado das dependencias e polo correcto mantemento das instalación e servizos do furancho e garantir un trato correcto á clientela.

Informar previamente con obxectividade e veracidade á clientela sobre o réxime de servizos que se ofertan no local, as prestacións e prezos dos mesmos.

Ter a disposición das persoas usuarias, follas de reclamacións e facer entrega dun exemplar cando lles sexa solicitado.

Emitir xustificantes de pagamento que detalle os servizos, de conformidade cos prezos ofertados ou pactados.

Os furanchos estarán obrigados a exhibir nun lugar visible, unha póla de loureiro, coa que tradicionalmente se identifican os furanchos, e dentro do local, tamén nun lugar visible, o identificativo do distintivo "Furanchos de Pontevedra".

Os/as titular/es dos furanchos deberán ter contratado unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade, consonte co establecido no artigo 14 desta ordenanza.

Facilitar, na medida das posibilidades do local e, en todo caso, nos termos previstos no ordenamento xurídico, a accesibilidade universal ao furancho.

ARTIGO 14. PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

Consonte ao disposto nos artigos 6 e 13 desta ordenanza, os/as titulares dos furanchos deberán contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que deberá ter como mínimo o seguinte contido e coberturas:

- a) Deberá cubrir os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade e acadar a contía mínima de 90.000 euros.
- b) No suposto de que a póliza inclúa franquías, o límite máximo destas non poderá superar os 120 euros.
- c) Os titulares dos establecementos están obrigados a manter en permanente vixencia a devandita póliza. Para estes efectos deberán presentar periodicamente os correspondentes xustificantes de pagamento que acrediten tal vixencia ante o Concello, xunto coa correspondente declaración responsable ou comunicación previa de renovación ou cambio de titularidade.

Para que a póliza de seguro cumpra coa súa finalidade, a súa contía, así como a das franquías, poderán ser modificadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local que deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia.

*ARTIGO 15. DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS E USUARIAS.*

As persoas usuarias dos furanchos, terán os dereitos que lles reconece o título II da Lei 7/2011 de 27 de Outubro, de Turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, sempre que sexan aplicables coas peculiaridades dos furanchos, fundamentalmente, os seguintes:

- a) Dereito de información.
- b) Dereito á calidade dos bens e servizos adquiridos.
- c) Dereito á seguridade.
- d) Dereito á tranquilidade e intimidade.
- e) Dereito á formular queixas e reclamacións.
- f) Dereito de non discriminación.

ARTIGO 16. CAMBIOS DE TITULARIDADE: DA TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DE ACTIVIDADE FURANCHEIRA.

As persoas titulares do furancho deberán comunicar os cambios de titularidade ou a transmisión do furancho ao Concello, quen, á súa vez, dará traslado das comunicacións ás consellerías ou órganos correspondentes en materia de turismo, medio rural, facenda e sanidade, xa sexan transmisións inter-vivos ou mortis causa.

O novo titular deberá achegar a seguinte documentación nos trocos de titularidade:

1. Comunicación previa de cambio de titularidade, que se formulará obrigatoriamente segundo o modelo oficial que consta no anexo II desta ordenanza, na que se acreditará a concorrencia no novo titular do cumprimento dos requisitos dos artigos 5 e 6 desta ordenanza.
2. Sinatura do/da anterior e do/da novo/a titular en transmisións inter-vivos, ou, no seu caso, a documentación acreditativa da transmisión mortis-causa.
3. Fotocopia do NIF/ NIE do/a anterior titular e do/a novo/a titular.
4. Fotocopia compulsada da documentación acreditativa da transmisión (copia do título xurídico habilitante cuxa titularidade se transmite) e/ou da acreditación da dispoñibilidade do inmovible ou local polo novo/a titular.
5. Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo, nas condicións establecidas nos artigos 6.4.g), 13.6, e 14 da presente ordenanza, a nome do/a novo/a titular do furancho.
6. Documento acreditativo de pagamento das taxas e tributos correspondentes que sexan preceptivos.

Ademais do pautado neste artigo, serán de aplicación aos cambios de titularidade, en todo o que non se opoñan ou resulten afectados por esta ordenanza, as determinacións contidas nos artigos 5, 9 e 11 da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra, reguladora da tramitación das declaracións responsables para a tramitación de servizos, instalación e apertura de establecementos comerciais e actividades inocuas, cambios de titularidade e licenzas para obras e instalacións menores por actuación comunicada.

ARTIGO 17. NOTIFICACIÓN DE CAMBIOS E COMUNICACIÓN DE PECHE DO ESTABLECEMENTO.

As persoas titulares dos furanchos están obrigadas a comunicarlle ao concello de Pontevedra, mediante o modelo oficial que consta na presente ordenanza, no anexo II, calquera cambio que afecte ao seu funcionamento, para o que achegarán a documentación acreditativa do cambio pretendido, así como o cesamento definitivo da súa actividade, no prazo de 10 días hábiles contados con anterioridade á data prevista para o peche ou cambio comunicado. O concello de Pontevedra notificará estes cambios ás consellerías ou órganos competentes en materia de turismo, medio rural, facenda e sanidade.

O Concello de Pontevedra poderá decretar a baixa dun furancho, de oficio, ademais de nos casos establecidos no artigo 11.2 cando teña constancia do cesamento de actividade durante máis de dous meses sen comunicación ao Concello, por non se producir a apertura durante os períodos declarados sen causa xustificada nin comunicación ao Concello ou cando establecemento deixe de cumprir, de maneira grave e inxustificada, algún dos requisitos esixidos para o exercicio da súa actividade.

*CAPÍTULO IV:**RENOVACIÓNS ANUAIS DO DISTINTIVO “FURANCHOS DE PONTEVEDRA”**ARTIGO 18. SOLICITUDE E RENOVACIÓN DO DISTINTIVO “FURANCHOS DE PONTEVEDRA”*

Unha vez que o Concello de Pontevedra, por medio da Xunta de Goberno Local, resolva a conformidade do declarado co preceptuado nesta ordenanza e demais normativa de aplicación, ademais da preceptiva notificación do acordo emitírase un certificado de actividade que entregará ao solicitante, e que se integrará no distintivo “Furanchos de Pontevedra”, cuxo modelo se recolle como anexo V, o cal acreditará que a declaración responsable está conformada polo Concello de Pontevedra.

O distintivo “Furanchos de Pontevedra” deberá ser colocado nun lugar visible para os clientes do furancho, para poder coñecer que o establecemento está debidamente conformado.

Co obxectivo de simplificar os trámites para renovación anual da actividade furancheira, unha vez notificada a primeira resolución municipal de conformidade do declarado, esta conformidade deberá ser actualizada anualmente a través da renovación do distintivo “Furanchos de Pontevedra”. Para isto, as persoas titulares dos furanchos deberán formular comunicación de renovación do distintivo, debendo cumprimentar e presentar a estes efectos nun rexistro administrativo, cun mes de antelación ao inicio da actividade, o correspondente modelo normalizado que se inclúe anexo II da presente ordenanza, xunto coa documentación acreditativa de ter achegado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola e restante documentación reflectida no modelo normalizado, así coma, no seu caso, a documentación xustificativa da nova normativa de aplicación aos furanchos que entre en vigor con posterioridade á declaración inicial e sexa esixible no intre das renovacións.

Para realizar a renovación anual do distintivo “Furanchos de Pontevedra”, o Concello de Pontevedra auditará e revisará as condicións do furancho e os cotexará cos datos recollidos no Rexistro Municipal de Furanchos e Loureiros de Pontevedra, comprobando que o modelo incluído no anexo II estea debidamente cumprimentado e achegue a documentación obrigatoria nel reflectida e, se así fose, procederá a expedir a renovación do distintivo “Furanchos de Pontevedra”, pola Xunta de Goberno ou concellería delegada, todo isto sen prexuízo da competencias de inspeccións permanente que lle atinxen ao Concello.

*CAPÍTULO V:**DA INSPECCIÓN E DO REXIME SANCIONADOR**ARTIGO 19. INSPECCIÓN, VIXIANCIA E CONTROL POR PARTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.*

Unha vez comunicado o inicio de actividade dun furancho, ben sexa mediante a presentación da preceptiva declaración responsable ou da comunicación de renovación o Concello de Pontevedra, logo da tramitación do procedemento para resolver a conformidade ou non do declarado, regulada no artigo 7, realizará, a través dos servizos técnicos de inspección urbanística e da policía local, as actividades de comprobación, control e inspección que sexan necesarias para verificar o debido cumprimento polos/as titulares, das determinacións desta ordenanza e demais normativa aplicable aos furanchos, así como do declarado ou comunicado respecto á actividade, períodos e horarios de apertura, sen prexuízo das competencias propias da inspección turística autonómica.

A concorrencia de supostos de omisión, inexactitude ou falsidade de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, a non presentación ante a administración competente da preceptiva declaración responsable ou comunicación previa, ou a apertura fóra da tempada declarada e conformada polo Concello, determinarán, con carácter xeral, a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o intre en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.



A resolución administrativa de ineficacia que declare tales circunstancias, ditada a proposta do Servizo de Disciplina Urbanística, Medio Ambiental e Policía Administrativa disporá, sen máis trámite, o cesamento inmediato da actividade e a clausura do establecemento, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao exercicio do dereito ou actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado.

Os labores de inspección, verificación e control posterior dos furanchos, seranlles tamén aplicables, en función das peculiaridades da actividade e da regulación propia contida nesta ordenanza, as disposicións contidas no capítulo V da Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontevedra, reguladora da tramitación das declaracións responsables para a tramitación de servizos, instalación e apertura de establecementos comerciais e actividades inocuas, cambios de titularidade e licenzas para obras e instalacións menores por actuación comunicada, e exerceranse sen prexuízo das facultades de inspección que lle corresponden á Xunta de Galicia, singularmente en materia turística, sanitaria, de medio rural e facenda pública.

As persoas titulares do furancho terán a obriga de colaborar cos labores de vixilancia e inspección dos servizos técnicos municipais e da policía local, achegando a documentación requirida e permitindo o acceso ao local do furancho para realizar as accións de comprobación necesarias para o seu labor. A obstrución á inspección ou a negativa a facilitar a información requirida pola inspección ou polos axentes de policía local terá a consideración de infracción grave á Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, tipificada no seu artigo 110.7.

ARTIGO 20. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

O incumprimento das normas recollidas na presente ordenanza, que desenvolve e concreta neste ámbito territorial a normativa autonómica en vigor, dará lugar á aplicación das disposicións sancionadoras vixentes no eido das competencias sectoriais propias das administracións afectadas, tanto local como autonómica e, particular e principalmente, do réxime sancionador aplicable ás infraccións tipificadas na Lei de turismo de Galicia e Decreto regulador dos furanchos, vixentes no intre da comisión da infracción.

Se os incumprimentos do réxime regulado nesta ordenanza fosen constitutivos doutras infraccións administrativas tipificadas por razón da materia pola normativa sanitaria, do medio rural en xeral ou do réxime regulador do viño en particular, da normativa tributaria ou da facenda pública, da urbanística, da medio ambiental ou calquera outra normativa sectorial de aplicación, estarase ao disposto no artigo 26.1 desta ordenanza, agás que a competencia sancionadora corresponda a este Concello.

ARTIGO 21. INTRUSIÓN PROFESIONAL.

O desenvolvemento por parte dos furanchos da actividade propia das empresas de restauración reguladas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, ou a realización de publicidade propia destas empresas, en contravención dos requisitos que lles son esixibles para o seu inicio e/ou do disposto no artigo 9.3 da presente Ordenanza, terán a consideración de intrusión profesional e serán sancionados administrativamente consonte co establecido na citada lei, sen prexuízo das medidas procedentes para garantir o cesamento da actividade realizada sen título xurídico habilitante.

ARTIGO 22. SUXEITOS RESPONSABLES.

Consideraranse suxeitos responsables, na orde administrativa, das infraccións cometidas no seu funcionamento, ás persoas que figuren como titular/es dos furanchos.

De seren varias as persoas titulares, aplicaranse os principios propios da potestade sancionadora e do dereito sancionador, con expresa responsabilidade solidaria ao respecto das medidas de restauración da legalidade e de indemnización de danos e perdas que se diten.



*ARTIGO 23. CONCORRENCIA DE SANCIONES, DO PRINCIPIO “NON BIS IN IDEM”
E VINCULACIÓN COA ORDE XURISDICCIONAL PENAL.*

Cando a Policía Local ou a inspección urbanística municipal, nos seus informes e partes de servizo, xa sexan de oficio ou a instancia de parte, constaten calquera deficiencia ou posible infracción desta ordenanza, da normativa reguladora dos furanchos e, en xeral, da normativa turística, o Servizo de Disciplina Urbanística dará traslado e comunicará os feitos comprobados ao órgano autonómico competente en materia de inspección turística segundo a Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ou disposición legal que no futuro a substitúa e, no seu caso, en función da deficiencia ou feito denunciado, á consellería competente en materia de sanidade, medio rural e/ou facenda, aos efectos da incoación do correspondente expediente sancionador por infracción da normativa sectorial vulnerada.

Nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento nuns mesmos feitos constitutivos de infraccións penais e/ou administrativas, non serán sancionables simultaneamente.

Se da investigación dos feitos constitutivos das infraccións da normativa reguladora dos furanchos se obteñen indicios de que estes poden constituír un ilícito penal, sexa delito ou falta, daráselle conta ó Ministerio Fiscal, con comunicación aos órganos autonómicos competentes interesándolles a suspensión do procedemento administrativo sancionador entre tanto non recaia resolución do Ministerio Fiscal ou resolución xudicial firme, sen prexuízo da adopción, polo Concello ou administración autonómica competente, das medidas provisionais oportunas ou das restauradoras da legalidade urbanística.

ARTIGO 24. CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS EN MATERIA DE TURISMO.

Consideraranse infraccións administrativas de carácter leve as tipificadas no artigo 109 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, desenvolvidas no artigo 20 do Decreto 215/2012, do 31 de outubro, ou na normativa reguladora da materia turística vixente no intre que se produzan os feitos.

Tamén terán a consideración de infracción leve, aos efectos previstos no artigo anterior, as infraccións do horario fixado nesta ordenanza para a apertura e peche dos furanchos -agás nos casos de reiteración que se sancionarán como graves-, así como a falta de comunicación ao Concello para a renovación anual da actividade e calquera outra infracción do establecido nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave en materia de turismo.

Consideraranse infraccións administrativas de carácter grave as tipificadas no artigo 110 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, desenvolvidas no artigo 21 do Decreto 215/2012, do 31 de outubro, ou na normativa reguladora da materia turística vixente no intre que se produzan os feitos, e, expresamente e no ámbito territorial de Pontevedra, a realización das condutas descritas nos artigos 19.5 e 21 desta ordenanza reguladora.

Serán infraccións administrativas de carácter moi grave as tipificadas no artigo 111 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ou na lei que no futuro a substitúa.

ARTIGO 25. RÉXIME DE SANCIONES.

As sancións a impoñer polas infraccións tipificadas en materia turística serán as que se determinan no artigo 114 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ou norma que no futuro a substitúa e se gradarán segundo a lexislación turística vixente.

Os prazos de prescrición das infraccións e sancións serán os establecidos no ordenamento xurídico regulador da actividade dos furanchos e turística en xeral na Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 26. COMUNICACIÓNS.

O Concello de Pontevedra, no exercicio dos seus labores de inspección, comunicará ás autoridades autonómicas competentes segundo a materia de que se trate, os incumprimentos detectados na actividade dos furanchos.

Do mesmo xeito, no suposto de que o Concello de Pontevedra teña constancia da prestación nos furanchos de servizos de restauración dos clasificados nalgún dos grupos de empresas de restauración que recolle o artigo 77 da Lei 7/2011 de turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, o porá en coñecemento, de xeito inmediato, do órgano competente en materia de turismo.

*DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**Disposición transitoria primeira. Adaptación á ordenanza.*

Os establecementos que en aplicación da normativa anterior se atopan rexistrados como furancho, loureiro ou abillado no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, contarán cun prazo de tres meses para a súa adaptación a esta ordenanza, mediante a presentación da declaración responsable e demais documentación que se regula no artigo 6, previo cumprimento dos requisitos que para a actividade figuran no artigo 5 desta ordenanza.

Disposición transitoria segunda. Ámbito transitorio.

Mentres non se aprobe un novo PXOM, poderán abrirse furanchos nas vivendas situadas nos núcleos rurais en solo urbano do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado por Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia do 18/12/1989, publicado no DOG de 12/01/1990 e BOP de 02/02/1990, sempre que concorran os restantes requisitos establecidos nesta ordenanza.

Disposición transitoria terceira.—Procedementos en tramitación.

Os/as suxeitos promotores dos expedientes de solicitudes de licenzas ou autorizacións para furanchos, que á entrada en vigor da presente ordenanza se encontren en tramitación neste Concello, poderán acollerse aos procedementos regulados na presente ordenanza, achegando para iso a documentación esixida na mesma previa desistencia da solicitude de licenza.

*Disposicións adicionais.**Disposición adicional primeira: Modelos normalizados.*

1. Os correspondentes modelos de declaración responsable e comunicación recollidos nos anexos I e II manteranse permanentemente publicados e actualizados na páxina web municipal: <http://www.pontevedra.eu>.

2. O contido dos modelos dos anexos I e II que se incorporan a esta ordenanza, non teñen carácter regulamentario e o seu contido poderá ser adaptado, modificado ou ampliado por Resolución da Alcaldía ou órgano delegado, aínda que a súa obrigatoriedade queda supeditada a súa publicación na páxina web do Concello.

Disposición adicional segunda. Obrigas tributarias.

As obrigas tributarias derivadas das actuacións que se autoricen polos procedementos aquí regulados rexeranse pola ordenanza fiscal correspondente.

Disposición adicional Terceira. Información e localización telemática.

O Concello de Pontevedra, na medida das súas posibilidades informativas e tecnolóxicas, informará da situación dos establecementos furancheiros autorizados.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que tivese transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

**ANEXO II-A: MODELO DE RENOVACIÓN DO DISTINTIVO FURANCHOS DE PONTEVEDRA.
518-COMUNICACIÓN DA RENOVACIÓN DO DISTINTIVO "FURANCHOS DE PONTEVEDRA"****SOLICITANTE:**

NIF/NIE _____ Nome e apelidos _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP _____

REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

NIF/NIE _____ Nome e apelidos _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP _____

Concello _____ Tlf. Móbil _____ Tlf./fax _____

DATOS DO FURANCHO:**DENOMINACIÓN:** _____**SITUACIÓN:** Lugar _____**PERÍODO DE APERTURA ELIXIDO:** DO ____ / ____ / ____ ATA O ____ / ____ / ____.**REFERENCIA CATASTRAL:**

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR (salvo identificación exacta doutro expediente no que figure: _____)

- Fotocopia do NIF/NIE do/a solicitante e, no seu caso, do/a representante.
- Escritura da sociedade, poder ou documento acreditativo da representación expresa para este acto (se procede).
- Xustificante do ingreso da autoliquidación da taxa que corresponda.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola na consellería competente en materia de agricultura, ou documentación acreditativa da súa excepción de conformidade coa normativa vixente.
- Documentación xustificativa da nova normativa de aplicación aos furanchos en vigor e esixible no intre das renovacións.
- Fotocopia compulsada do recibo de pagamento da prima de responsabilidade civil que acredite a súa vixencia no período anual de apertura.
- Informes técnicos-sanitarios nos que figure a análise do viño posto á venda así como da auga de consumo humano.
- Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e a súa capacidade, así como a variedade ou variedades de uva das que proceda.
- Carné de manipulador/a de alimentos cando proceda.

A persoa solicitante COMUNICA a presente renovación do distintivo "Furanchos de Pontevedra" e DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que é certo canto subscribe e que achega toda a documentación que relaciona, de conformidade co disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Ordenanza municipal reguladora.

EN TODO CASO DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que cumpre cos requisitos normativamente esixidos e manterá todas as medidas correctoras precisas para o correcto exercicio da actividade durante todo o período de tempo a el inherente.
- Que ao tratarse dunha actividade continuada, se acomodará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración, á comprobación telemática con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas á presente instancia.

Pontevedra, ____ de ____ de ____

Sinatura:

**ANEXO II-B: MODELO DE RENOVACIÓN DO DISTINTIVO FURANCHOS DE PONTEVEDRA
519-COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA DECLARACIÓN RESPONSABLE
DE APERTURA DE FURANCHO**

DATOS DA DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURA DE FURANCHO OBXECTO DA TRANSMISIÓN:

Número de expediente _____ Data do acordo de conformidade: ____/____/____.

DATOS DO FURANCHO:

DENOMINACIÓN: _____

SITUACIÓN:Lugar _____

REFERENCIA CATASTRAL: _____

NOVO/A TITULAR:

NIF/NIE _____ Nome e apelidos _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP _____

REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

NIF/NIE _____ Nome e apelidos _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP _____

Concello _____ Tlf. Móbil _____ Tlf./fax _____

ANTIGO/A TITULAR:

NIF/NIE _____ Nome e apelidos _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP _____

REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA):

NIF/NIE _____ Nome e apelidos _____

Enderezo: rúa, lugar _____ CP _____

Concello _____ Tlf. Móbil _____ Tlf./fax _____

COMUNICAN AO CONCELLO DE PONTEVEDRA, a transmisión da declaración responsable da apertura do furancho indicada, de conformidade co disposto no artigo 13 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Ordenanza municipal reguladora.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR (salvo identificación exacta doutro expediente no que figure: _____)

- Fotocopia do acordo de conformidade da apertura do furancho que se transmite.
- Fotocopia do NIF/NIE do/a antigo/a titular e do/a novo/a titular e, no seu caso, do/a representante.
- Xustificante do ingreso da autoliquidación das taxas que sexan preceptivas.
- Escritura do poder ou documento acreditativo da representación expresa para este acto (se procede).
- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa da transmisión e/ou fotocopia compulsada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a novo/a titular para a súa utilización como furancho, de ser o caso.
- Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas das que se extrae o viño utilizado no furancho no Rexistro Vitícola de Galicia.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola na consellería competente en materia de agricultura ou acreditativa da súa excepción, segundo a normativa vixente.
- Fotocopia compulsada que acredite a subscrición polo/a novo/a titular dunha póliza de responsabilidade civil, segundo o disposto no art. 14 da Ordenanza municipal reguladora.
- Copia compulsada do recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia no período anual de apertura.
- Informes técnicos-sanitarios nos que figure a análise do viño posto á venda así como da auga de consumo humano.
- Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e a súa capacidade, así como a variedade ou variedades de uva das que proceda.
- Carné de manipulador/a de alimentos.

O/a novo/a titular DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que é certo canto subscribe e que achega toda a documentación que relaciona, de conformidade co disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Ordenanza municipal reguladora.

EN TODO CASO DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que o local en cuestión se corresponde e se axusta en canto ao seu acondicionamento ao que foi obxecto de declaración responsable que se transmite, e cumpre con todas as medidas correctoras impostas.
- Que, ao tratarse de autorizacións de tracto sucesivo ou continuado, acomodarse á normativa reguladora que vaia entrando en vigor, previa obtención das preceptivas autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.
- Que cumpre os requisitos normativamente esixidos e manterá todas as medidas correctoras precisas para o correcto exercicio da actividade durante todo o período de tempo a el inherente.

AUTORIZAN aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración, á comprobación telemática con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas á presente instancia.

Pontevedra, ____ de ____ de ____

SINATURA ANTIGO/A TITULAR

SINATURA NOVO/A TITULAR

Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185

**ANEXO III: DATOS DO REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS E LOUREIROS DE PONTEVEDRA****DATOS PERMANENTES**

Nome do/a titular/es do furancho.
NIF/NIE: do/a titular/es do furancho.
Denominación do furancho.
Domicilio do furancho.
Confirmación de que o establecemento cumpre os requisitos esixidos nesta ordenanza.
Período de apertura do furancho.
Fotocopia compulsada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.
Proxecto técnico asinado por facultativo competente con pronunciamento expreso sobre a normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios, a sanitaria (relativa á loita contra o tabaquismo), así como aqueloutra que lle resulte aplicable.

DATOS RENOVADOS ANUALMENTE

Declaración responsable.
Informe técnico-sanitario no que figure a análise do viño posto á venda.
Documento acreditativo de ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil de acordo co establecido na presente ordenanza.
Documento acreditativo de ter regularizada a totalidade da súa viña no Rexistro Vitícola de Galicia, de conformidade coa normativa vitícola vixente.
Memoria descritiva da cantidade de viño posto a venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade dos mesmos.
Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes

ANEXO IV: LISTADO DE TAPAS PERMITIDAS

1. Táboa de embutidos-queixos.
2. Pementos, variedade padrón.
3. Orella-chourizo.
4. Zorza-raxo.
5. Tortilla de patacas.

ANEXO V: DISTINTIVO FURANCHOS E LOUREIROS DE PONTEVEDRA**RECURSOS PROCEDENTES:**

Contra este acordo poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

Pontevedra, 15.04.2013.—O Alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores.

2013003424

EXPEDIENTE : DMA 92/11

DENUNCIADO : JOSEFA CARABELOS BLANCO.

ASUNTO: REQUIRIMENTO DE ABONO DE GASTOS EN EXECUCIÓN SUBSIDIARIA.

Visto expediente administrativo ref. DMA 92/11, onde esta Administración Local lle requiría a limpeza de maleza, do predio sito en Campo da Porta Salcedo a Josefa Carabelos Blanco, sendo notificados respectivamente o trámite de audiencia previo á Orde no BOP nº 132 de data 10,7,12, así como a referida Orde no BOP nº 197 de data 11,10,12 e transcorridos os prazos outorgados para que o denunciado cumprira o mandato da Alcaldía sin que constase actuación algunha por parte do mesmo, o Excmo. Concello efectuou os traballos necesarios, mediante execución subsidiaria prevista na normativa ante a resistencia do obrigado ao cumprimento.